

RENDEMENTO ACADÉMICO E EGRESO DAS MULLERES NOS GRAOS DE ENXEÑARÍA DA UVIGO


T. Rivas^a, M.A. Longo^b, S. Torres^c, A. J. López^d, A. Saavedra^e, M. Araújo^a, S. Pozo^a, E. Alonso^a, V. Salgueiriño^f, A. Filgueira^g, I. Vázquez^h, L. Santiagoⁱ

^aDpto. Enx. Recursos Naturais e Medio Ambiente (UVIGO), ^bDpto. Enx. Química (UVIGO), ^cDpto. Teoría do Sinal e Comunicacións (UVIGO), ^dDpto. Enx. Naval e Industrial (UDC), ^eDpto. Estadística e Investigación Operativa (UVIGO), ^fDpto. Física Aplicada (UVIGO), ^gDpto. Química (UDC), ^hConsultora de Xénero, ⁱDpto. Enx. Naval e Oceánica (UDC)

PROXECTO FINANCIADO POLA AXUDA Á INVESTIGACIÓN CÁTEDRA FEMINISMOS 4.0 DEPO-UVIGO


OBXECTIVOS: (i) Recompilación e análise dos datos desagregados por sexo relativos á matrícula, egreso e rendemento académico das titulacións de Enxeñaría (LRU e adaptadas ao EEES) adscritas aos campus da provincia de Pontevedra da Universidade de Vigo desde súa implantación e (ii) Estudo comparativo entre xéneros sobre a situación laboral actual das persoas egresadas destas titulacións desde o 2005, mediante unha enquisa elaborada para acadar información sobre as dificultades que as mulleres enxeñeiras se poden atopar na busca de emprego, no desenvolvemento da súa profesión e na promoción.

ANÁLISE RENDEMENTO ACADÉMICO




O valor medio da porcentaxe de mulleres para todo o período de estudo é dun 22% para as titulacións adaptadas ao EEES, mentres que nas titulacións LRU o valor medio é dun 25%. Este carácter masculinizado refléxase tamén nos títulos de mestrado en enxeñaría. A tendencia é de claro estancamento.

Taxa de avaliación. Graos no ámbito da enxeñaría



Taxa de rendemento. Graos no ámbito da enxeñaría




Durante o período de estudo a taxa de avaliación foi sempre máis alta nas mulleres que nos homes. O valor medio de diferenza é de 5 puntos porcentuais. As mulleres neste eido, polo tanto, preséntanse máis que os homes á avaliación das materias nas que se matriculan. A taxa de rendemento é superior en tódolos anos no período do estudo. No resto de taxas analizadas (taxa de graduación, abandono, nota media de egreso) non se detectan diferenzas significativas relacionadas co xénero.

Constátase o carácter masculinizado dos estudos de enxeñaría. A tendencia é de claro estancamento. Para acadar un incremento na matrícula de mulleres en enxeñaría débese incidir na motivación en idades tempranas.

Pola contra, **una vez matriculadas**, os datos revelan valores **lixeramente maiores nas** taxas de rendemento e de avaliación para as mulleres. No resto de indicadores académicos non se detectan diferenzas.


ANÁLISE SITUACIÓN LABORAL

Deseño da enquisa sobre empregabilidade




Cabe sinalar os resultados da seguinte pregunta para o colectivo de persoas que traballa na actualidade no ámbito da enxeñaría. **Os homes apenas detectan discriminación** por razóns de xénero (78,8%). Por contra só o 1,6% das mulleres sinala que non detectou discriminacións por razóns de xénero. Máis da metade das mulleres enquisadas teñen detectado ningun profesional e case a metade delas tamén sinalan a brecha salarial e as dificultades para promocionar como barreiras que teñen que sortear na súa carreira laboral por razóns de xénero.

"No caso de que detectes no teu traballo algunha discriminación por razóns de xénero cara a algunha persoa da túa contorna, poderías indicar de que tipo ou tipos? Selecciona todos os que correspondan"



No colectivo de persoas que traballa na actualidade no ámbito da enxeñaría, no relativo ás **medidas** deberían adoptar **as empresas para promover a igualdade de oportunidades**, tanto homes como mulleres destacan medidas que faciliten a conciliación da vida familiar e laboral. Sen embargo as mulleres apuntan, en maior proporción que os homes, implantar medidas que faciliten a promoción de mulleres.



Un dos resultados máis chamativos é a **detección de discriminacións de xénero** no ámbito laboral: as mulleres detectan máis desigualdade de xénero que os homes, resultado común a outras enquisas sobre igualdade.

No colectivo de persoas que traballan na actualidade no ámbito da enxeñaría as mulleres apuntan en maior medida que os homes a **necesidade de implantar medidas que faciliten a promoción das mulleres** para acadar maiores cotas de igualdade.